

## CIRCULAR DE PROGRAMACIÓN

Núm. SFAF 1/2017

**ASUNTO:** Plan de formación continua no agro galego 2017, cofinanciado con fondos Feader nun 75% a través do PDR 2014-2020. Convocatoria anual de actividades.

### 1 ANTECEDENTES

A importancia do sector agrario en Galicia, así como a evolución e especialización da agricultura e a silvicultura debido fundamentalmente aos cambios económicos, tecnolóxicos e ambientais, esixen un nivel axeitado de formación no sector técnico e económico. Esta formación estará destinada á sensibilización en materia de calidade dos produtos, xestión sustentable dos recursos naturais, incluídos os relativos ao asesoramento de explotacións no ámbito da condicionalidade, xestión técnico-económica, protección do medio e conservación da paisaxe. Cómpre, polo tanto, ampliar o ámbito das actividades de formación, información e difusión de coñecementos a todas as persoas dedicadas a actividades agrícolas, forestais e de producción de alimentos.

Estas actividades comprenden cuestiós relativas ao aumento da competitividade do sector tanto agrícola coma forestal e este é un dos obxectivos establecidos no Regulamento (CE) 1305/2013, do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). Como instrumento operativo destas actividades, a medida M01: Accións de transferencia de coñecementos e información (art. 14), Prioridade 1 de desenvolvemento rural, incluídas no Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, cofinanciado polo FEADER, financia accións relativas a actividades de formación profesional e adquisición de competencias, orientadas a persoas con relación profesional ou con expectativa de incorporación nos sectores produtivos da agricultura, a gandería, a industria agroalimentaria e a cadea forestal-madeira dirixidas, en especial, a xoves e mulleres do medio rural.

As actividades contempladas baixo o amparo desta Circular deberán cumplir os preceptos relativos á información e publicidade de acordo co establecido no Anexo III do Regulamento (UE) 808/2014, da Comisión do 17 de xullo de 2014.

### 2 OBXECTIVOS

Esta circular ten por obxecto a convocatoria para a elaboración do Plan de formación continua no agro galego para o exercicio 2017. Coa finalidade de configurar o Plan de formación continua, convócanse ás unidades propias da consellería para que presenten propostas de accións formativas para executar no exercicio 2017.



### 3 DESTINATARIOS DAS ACCIÓNS FORMATIVAS

Os destinatarios destas accións formativas serán os titulares, cotitulares e familiares que traballen nas explotacións agrarias ou forestais; os traballadores agrarios, forestais ou agroalimentarios por conta aldea, socios e empregados de asociacións e sociedades con personalidade xurídica do ámbito agrario, forestal ou agroalimentario; as persoas mozas que desexen incorporarse ao sector como profesionais autónomos da agricultura ou da gandería, ou ben que desexen continuar a súa formación nas ensinanzas agrarias; e, en xeral, persoas que desenvolven profesionalmente actividades relacionadas coa agricultura, a gandería, a silvicultura, e coa transformación e comercialización dos produtos agroforestais, incluído o persoal técnico.

En caso de que o número de solicitantes dunha acción formativa dirixida a agricultores, gandeiros ou silvicultores excedese das prazas dispoñibles, serán de aplicación os seguintes criterios de prioridade:

- a) Persoas mozas que desexen instalarse, ou recentemente incorporados ao sector agrario.
- b) As persoas titulares de explotacións agrarias de titularidade compartida.
- c) Titulares de explotacións agrarias ou forestais.
- d) Cotitulares de explotacións agrarias ou forestais.
- e) Familiares que traballen na explotación agraria ou forestal.
- f) Traballadores asalariados do sector agrario, forestal ou agroalimentario.
- g) Persoas vinculadas ao sector agrario, forestal ou agroalimentario.

En todos os casos, a igualdade de méritos, terá preferencia o sexo feminino sobre o masculino.

No caso de que haxa maior número de solicitudes que prazas ofertadas, a entidade elaborará unha lista de espera coas solicitudes non atendidas para unha futura quenda.

### 4 TEMÁTICA E TIPOLOXÍA DAS ACCIÓNS FORMATIVAS

Esta circular promoverá actividades de formación profesional e adquisición de competencias, orientadas a persoas con relación profesional ou con expectativa de incorporación nos sectores produtivos da agricultura, a gandería, a industria agroalimentaria e a cadea forestal-madeira, dirixidas, en especial, a xoves e mulleres do medio rural. As actividades financiables poderán consistir en:

- a) Cursos de formación e capacitación xeral dirixidos a impartir formación de base en materias relacionadas co exercicio profesional e aquela formación habilitante necesaria para o desempeño de certas ocupacións profesionais do sector.
- b) Talleres temáticos de aprendizaxe en materias concretas e sesións de orientación específica destinados á adquisición de competencias e habilidades a través dun aprendizaxe práctico en técnicas e procesos para optimizar a producción e o procesado de produtos agrarios, forestais ou agroalimentarios.



- c) Visitas incluídas na programación dunha materia concreta. Cunha duración máxima dunha xornada, realizarase naqueles casos nos que sexa necesaria para que os participantes adquiran unha competencia para a obtención dun certificado ou diploma acreditativo de superación dun curso.

As accións formativas non poderán ter unha duración inferior a 4 horas nin superior a 60 horas e poderán organizarse en grupos **cun número mínimo de 10 alumnos e un máximo de 30 alumnos por curso, pero só serán financiables un máximo de 20 alumnos por curso.**

Neste plan de formación contémplase a realización de accións formativas esixibles, entendidas como aquelas accións formativas que teñen como obxectivo proporcionar aos profesionais do sector agroforestal os certificados, diplomas ou carnés esixibles polas distintas normativas que regulan as actividades, para as que sexa preceptivo contar coa pertinente acreditación de formación específica para exercerlas, así como naqueles casos en que sexa requisito para percibir determinadas axudas públicas. Tamén se contempla a aprobación de accións formativas non esixibles de interese para o sector agroforestal.

Considérase que son accións formativas esixibles as seguintes:

a) Cursos de aptitude empresarial agraria.

É a formación requirida para poder percibir a axuda á instalación ás persoas mozas (18 a 40 anos), que se incorporan como titulares ou cotitulares a unha explotación agraria, segundo as bases reguladoras das axudas para a mellora da eficacia sustentable das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios.

No anexo III figuran as orientacións produtivas para as que se poden programar este tipo de cursos, así como os distintos módulos que conforman os cursos, tanto os comúns a todas as orientacións, coma os específicos. **Estes cursos programaranse modularmente (formalizándose a súa proposta en solicitudes separadas por módulos),** podéndose solicitar a totalidade dos módulos (**oito módulos: 250 horas**), ou módulos individuais de **30, 35 ou 40 horas**, de conformidade co anexo V da Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública (DOG núm. 60, do 27.03.2009). Dadas as necesidades do sector, serán prioritarios este tipo de cursos.

b) Cursos de usuario profesional de produtos fitosanitarios.

O Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir o uso sustentable dos produtos fitosanitarios (BOE núm. 223, do 15.09.2012) establece os requisitos e programa a desenvolver nestes cursos, tendo aplicación subsidiaria, a Orde conxunta do 14 de abril de 2009, das Consellerías do Medio Rural e de Sanidade, pola que se regula a formación das persoas que realizan actividades relacionadas coa manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea a Comisión técnica de produtos fitosanitarios (DOG núm. 77, do 22.04.2009).



Os cursos de renovación de nivel cualificado terán unha duración total de 7 horas: 3 de contido teórico e 4 de contido práctico.

Tamén se poderá ofertar o **curso ponte** que permita obter o nivel cualificado a aqueles usuarios profesionais que posúen o nivel básico. Dito curso terá unha duración total de 35 horas: 31 de contido teórico e 4 de contido práctico.

- c) Cursos de benestar animal, regulados no Decreto 60/2007, de 22 de marzo, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, se establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o rexistro destas (DOG núm. 67 do 4.04.2007).
- d) Outros cursos esixibles de formación agroforestal. Neste caso, a súa esixibilidade xustificarse mediante unha memoria que se xuntará á solicitude e na que figurará, no seu caso, a normativa de aplicación.

A axuda en virtude desta medida non abranguerá os cursos de preparación ou formación que formen parte de programas ou sistemas educativos normais de ensino secundario ou superior.

## 5 UNIDADES ORGANIZADORAS DAS ACCIÓNS FORMATIVAS

Este Plan de formación continua levarase a cabo a través das seguintes unidades administrativas da Consellería do Medio Rural:

- a) Servizos centrais da Consellería do Medio Rural.
- b) Centros de formación e experimentación agroforestal.
- c) Servizos territoriais da consellería, na súa estrutura provincial, de área e comarcal.
- d) Outras unidades ou organismos da consellería.

Enténdese que a unidade solicitante da acción formativa será a responsable da súa coordinación e impartición. En caso contrario, deberase contemplar na solicitud o acordo ou compromiso coa unidade ou as persoas coas que se propón a súa organización.

## 6 PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS E PRAZO

Cada unidade solicitante deberá presentar as propostas en soporte papel segundo o modelo do anexo I "Propostas de Accións Formativas 2017", que deberá rexistrarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e dirixilo á Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal.

As unidades solicitantes deberán realizar unha proposta por cada acción formativa.

Ademais de asinadas polo coordinador da acción formativa, as propostas deberán ser refrendadas polas seguintes persoas, segundo o caso:

- a) Pola persoa titular da Xefatura Territorial, cando as propostas sexan realizadas polas oficinas agrarias comarcas (servizos agrarios e veterinarios), distritos forestais e polos servizos territoriais.
- b) Pola persoa titular da dirección do que dependa o servizo que fai as propostas.
- c) Pola persoa titular da dirección ou xerencia do organismo, cando as propostas veñan de entidades instrumentais adscritas á Consellería do Medio Rural.

Cubrirase igualmente o anexo II "Resumo das propostas 2017", en formato folla de cálculo, onde quedará reflectida a totalidade das accións formativas solicitadas pola unidade administrativa para o exercicio 2017.

Co fin de axilizar a tramitación administrativa, os anexos I e II deberán ser remitidos tamén por correo electrónico ao enderezo [formacion.cmrm@xunta.es](mailto:formacion.cmrm@xunta.es), e indicarán no asunto do dito correo "Propostas Plan de formación continua 2017".

Os anexos poden descargarse do seguinte enderezo web:

[http://mediorural.xunta.es/areas/investigacion\\_e\\_formacion/formacion\\_continua/](http://mediorural.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/formacion_continua/)

Se a documentación non fose recibida en tempo e forma, por rexistro e por correo electrónico, entenderase desestimada a solicitude.

A data límite de presentación das propostas será o 17 de marzo de 2017. Non obstante, no caso de terse detectado unha demanda importante de accións formativas no sector agroforestal, poderá abrirse un segundo prazo de solicitudes para a presentación de novas propostas.

## 7 AVALIACIÓN, SELECCIÓN E APROBACIÓN DAS PROPOSTAS

Unha comisión de selección avaliará as solicitudes presentadas ao abeiro da presente circular, que terá en conta as necesidades do sector e os medios dispoñibles na priorización dos cursos.

A dita comisión estará formada pola subdirectora xeral de Formación e Innovación Agroforestal, que actuará como presidente, a xefa do Servizo de Formación Agroforestal, que actuará como vogal, outro vogal técnico designado para o efecto, e un funcionario da Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal, que actuará como secretario.

Esta proposta remitirase ao director xeral de Ordenación Forestal, quen formula a proposta para a súa aprobación definitiva á conselleira, iniciándose o trámite contable.

A comisión de selección avaliará as propostas dacordo cos seguintes criterios:

<b>M01. ACCIÓNS DE TRANSFERENCIA E ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN (Art. 14)</b>	
1.1 Formación profesional e adquisición de competencias	
Criterio	Puntuación
<b>I) Tipoloxía das accións e beneficiarios das accións de formación (ata 60 puntos)</b>  Segundo a actividade económica	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Accións dirixidas a agricultores activos: 20 puntos</li> <li>- Accións dirixidas ao persoal de empresas agrarias, alimentarias e entidades asociativas agrarias: 10 puntos</li> <li>- Accións dirixidas ao persoal das entidades asociativas profesionais agrarias: 10 puntos</li> <li>- Accións dirixidas a persoas emprendedoras no sector primario a desenvolver no medio rural: 10 puntos</li> <li>- Accións dirixidas a persoas emprendedoras nos sectores económicos a desenvolver no medio rural: 5 puntos</li> <li>- Accións dirixidas ao persoal de PEMES que operen nas zonas rurais: 5 puntos</li> <li>- Accións dirixidas a agricultores non activos pero con intereses na agricultura: 5 puntos</li> </ul>
Accións dirixidas, preferentemente, a mozas, mozos e mulleres do medio rural:	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mozos agricultores: 20 puntos</li> <li>- Mozas agricultoras : 30 puntos</li> <li>- Mozos con expectativas de incorporación á actividade agraria:30 puntos</li> <li>- Mulleres agricultoras maiores de 41 anos: 20 puntos</li> <li>- Mulleres maiores de 41 anos con expectativas de incorporación: 20 puntos</li> <li>- Maiores de 41 anos con expectativas de incorporación : 10 puntos</li> </ul>
<b>II) Temática das accións (ata 100 puntos)</b>	
Accións formativas para a incorporación das TIC aos procesos productivos e/ou xestión	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Accións dirixidas á incorporación das TIC en procesos productivos: 20 puntos</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Accións dirixidas á incorporación das TIC en procesos de xestión: 20 puntos</li> </ul>
Actividades formativas destinadas á adquisición de novas competencias profesionais ligadas á innovación en procesos e tecnoloxías e novos produtos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades formativas relacionadas coa innovación en procesos agrarios: 10</li> <li>- Xestión empresarial. Emprendemento. Xestión comercial. Comercio exterior: 10</li> <li>- Reestructuración de explotacións: 5</li> <li>- Seguridade alimentaria, calidade, prevención e riscos e medio ambiente na industria agroalimentaria: 5</li> <li>- Sistemas de calidade: 5</li> <li>- Actividades formativas de innovación en tecnoloxías: 15</li> <li>- Actividades formativas de innovación en novos produtos: 15</li> </ul>
Actividades formativas para a xestión sostible dos recursos naturais, incluidos os aspectos da condicionalidade, a protección do medio ambiente e conservación da paisaxe. Xestión sostible de recursos naturais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Agricultura ecolóxica:10</li> <li>- Control integrado de pragas:10</li> <li>- Eficiencia en xestión e uso de recursos naturais:10</li> <li>- Restauración, preservación e mellora de ecosistemas:10</li> <li>- Xestión do solo. Conservación do solo:10</li> <li>- Uso eficiente de maquinaria agrícola:10</li> <li>- Uso eficiente da auga na agricultura:10</li> <li>- Enerxías renovables:10</li> </ul>
Accións formativas relacionadas coa mitigación e a adaptación ao cambio climático e a Rede Natura 2000	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adaptación ao cambio climático:10</li> <li>- Medidas agroambientales:10</li> </ul> <p>Biodiversidade Red Natura 2000:10</p>

Seleccionaranse aquellas actuacións que obtén unha maior puntuación como resultado de aplicar os criterios de selección. En caso de empate, resolverase segundo que as solicitudes obtivesen maior puntuación nos criterios e orden seguintes:

- Accións formativas esixibles e/ou habilitantes para o exercicio profesional.
- Actividades formativas destinadas á adquisición de novas competencias profesionais.
- Actividades formativas para a xestión sostible.



A solicitude de axuda deberá acadar un umbral mínimo de puntuación que se corresponderá co 30% da puntuación máxima total que se poida acadar (160 puntos) no procedemento de selección en función dos criterios de selección aplicados.

Unha vez avaliadas, comunicarase aos solicitantes a relación de accións formativas aprobadas e as instrucións para a súa correcta xestión e xustificación.

## 8 CONTROL DE ASISTENCIA, PROBA DE AVALIACIÓN E CERTIFICADOS

Nas accións formativas será preciso acreditar unha asistencia mínima do 80% das horas lectivas de duración da acción formativa para acadar o certificado, diploma ou carné. Para a súa comprobación, realizarase un control de asistencia mediante un parte diario de sinaturas dos participantes, no que se indicará o horario de impartición.

Para aquelas persoas que teñan superado as probas de avaliación, que deberán realizarse en todas as accións formativas, expedirase o certificado de competencia ou diploma de realización do curso con aproveitamento que acredite a formación recibida.

De ter superado o curso de formación, dito certificado ou diploma dará dereito, se é o caso, á solicitude do carné profesional que corresponda.

No caso de que non superar as probas de avaliación establecidas, os alumnos poderán volver a presentarse a dita proba ata dúas veces máis.

## 9 FINANCIAMENTO E CONDICIONANTES

As actividades contempladas nesta circular imputaranse á aplicación orzamentaria 13.02.422L.640.1, dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para 2017, código de proxecto 2013-00695, "Formación, divulgación e transferencia tecnolóxica", cofinanciadas polo FEADER nun 75%, polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente nun 2,5% e pola Xunta de Galicia nun 22,5%.

Para a elaboración das propostas que inclúan gastos xerais, é preciso que se teña en conta o artigo 48.2.e) do Regulamento de execución (UE) 809/2014, da Comisión do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

Non serán subvencionables os gastos das actividades formativas que tiveran lugar antes da data da solicitude da acción.

A dotación económica de cada acción formativa axustarase ao baremo que se xunta:

-Gastos de profesorado (incluirá a impartición das ensinanzas das distintas unidades didácticas, tanto teóricas como prácticas): 60€/hora impartida.

-Material didáctico (incluído material de prácticas): 0,50 € por alumno e hora de actividade formativa, ata un máximo de 1.000€.



- Organización técnico/administrativa (responsabilidade dos aspectos organizativos da actividade formativa de que se trate, desde o inicio ata a entrega da documentación xustificativa correspondente, diante da DX de Ordenación Forestal): 5€ por cada hora de actividade formativa, cun mínimo de 100€ e un máximo de 500 € por actividade formativa.
- No suposto de que a acción formativa conlleve a organización de visitas, a maiores, finanziarase o 100% dos gastos de desprazamento nun medio de transporte colectivo, debidamente xustificada a oportunidade e necesidade do uso dese transporte concreto.

#### 10 ENDEREZO WEB

O enderezo web que se indica máis abaixo será o lugar de referencia para os efectos de avisos, notas metodolóxicas e descarga da documentación relativa ao Plan anual de formación continua 2017.

[http://mediorural.xunta.es/areas/investigacion\\_e\\_formacion/formacion\\_continua/](http://mediorural.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/formacion_continua/)

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017

O director xeral do Ordenación Forestal



Tomas Fernández-Couto Juanas



## ANEXO I

### PROPOSTAS DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN CONTINUA AGROFORESTAL 2017

#### 1. NOME DA ACCIÓN FORMATIVA:

#### 2. UNIDADE SOLICITANTE:

Enderezo:

Código postal	Concello	Provincia

Correo electrónico:

#### 3. PERSOA COORDINADORA

Nome e apelidos:

Correo electrónico:

Tfno:

#### 4. XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

#### 5. PROGRAMA

#### 6. DESTINATARIOS

#### 7. DESENVOLVEMENTO

- Duración (horas):
- Horario de impartición:
- Lugar de realización:
- Proposta de data de realización (mes):



## 8. CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterio	Puntuación
<b>I) Tipoloxía das accións e beneficiarios das accións de formación (ata 60 puntos)</b>	
Segundo a actividade económica	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acciones dirigidas a agricultores activos: 20 puntos</li> <li>- Acciones dirigidas al personal de empresas agrarias, alimentarias y entidades asociativas agrarias: 10 puntos</li> <li>- Acciones dirigidas al personal de las entidades asociativas profesionales agrarias: 10 puntos</li> <li>- Acciones dirigidas a personas emprendedoras en el sector primario a desarrollar en el medio rural: 10 puntos</li> <li>- Acciones dirigidas a personas emprendedoras en el sectores económicos a desenvolver no medio rural: 5 puntos</li> <li>- Acciones dirigidas al personal de PYMES que operen en las zonas rurales: 5 puntos</li> <li>- Acciones dirigidas a agricultores no activos pero con intereses en la agricultura: 5 puntos</li> </ul>
Acciones dirigidas, preferentemente, a jóvenes y mujeres del medio rural:	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Jóvenes agricultores: 20 puntos</li> <li>- Jóvenes agricultoras : 30 puntos</li> <li>- Jóvenes con expectativas de incorporación a la actividad agraria:30 puntos</li> <li>- Mujeres agricultoras mayores de 41 años: 20 puntos</li> <li>- Mujer mayor de 41 años con expectativas de incorporación: 20 puntos</li> <li>- Mayor de 41 años con expectativas de incorporación : 10 puntos</li> </ul>
<b>II) Temática de las acciones (hasta 100 puntos)</b>	
Acciones formativas para la incorporación de las TIC a los procesos productivos y/o gestión	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acciones dirigidas a la incorporación de las TIC en procesos productivos: 20 puntos</li> <li>- Acciones dirigidas a la incorporación de las TIC en procesos de gestión: 20 puntos</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades formativas relacionadas con la innovación en procesos agrarios: 10</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Gestión empresarial. Emprendimiento. Gestión comercial. Comercio exterior: 10</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reestructuración de explotaciones: 5</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguridad alimentaria, calidad, prevención y riesgos y medio ambiente en la industria agroalimentaria: 5</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sistemas de calidad: 5</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades formativas de innovación en tecnologías: 15</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades formativas de innovación en nuevos productos: 15</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Agricultura ecológica:10</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Control integrado de plagas:10</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Eficiencia en gestión y uso de recursos naturales:10</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Restauración, preservación y mejora de ecosistemas:10</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Gestión del suelo. Conservación del suelo:10</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso eficiente de maquinaria agrícola:10</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso eficiente del agua en la agricultura:10</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Energías renovables:10</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adaptación al cambio climático:10</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas agroambientales:10</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biodiversidad Red Natura 2000:10</li> </ul>	
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>		



**ANEXO I**

<b>9. ORZAMENTO</b>			
<b>TIPO DE GASTOS</b>			
<b>Gastos :</b>		<b>N.º unidades</b>	<b>Prezo unitario (€)</b>
- Profesorado (n.º horas)			
- Materiais didácticos			
- Organización técnica/administrativa			
- Visitas			
<b>Orzamento gastos</b>			
<small>(1) En virtude do punto 14 do artigo 3 do Real decreto 1852/2009, de 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos Programas de Desenvolvemento Rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), non serán subvencionables os gastos non docentes de actividades formativas e de amortización ou arrendamentos de bens e edificios destinados a elas, no que excedan do 25 % do importe total dos gastos subvencionables da operación. Ademais, compro acreditar a moderación de custos.</small>			
<b>10. OBSERVACIÓNS.</b>			

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ do 2017

Conforme:  
A autoridade competente

A persoa coordinadora

Asdo.:\_\_\_\_\_

Asdo.:\_\_\_\_\_

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

Dirección Xeral de Ordenación Forestal

Servizo de Formación Agroforestal. Camiño Francés nº 10. 15703 Santiago de Compostela. A Coruña



UNIDADE IMPARTIDORA	CONCELLO (onde se imparte)	ACCIÓN FORMATIVA- Temática	NOMBRE E APELIDOS COORDINADOR	TELEFONO COORDINADOR	CORREO ELECTRÓNICO COORDINADOR	CORREO ELECTRÓNICO UNIDADE IMPARTIDORA	HORAS	ALUMNOS	MES DE INICIO PROPOSTO
1									
2									
3									
4									
5									

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ do 2017

Conforme:  
A autoridade competente

A persoa coordinadora

Asdo.: \_\_\_\_\_ Asdo.: \_\_\_\_\_

g3lci3



## ANEXO III

6.248 DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Nº 60 • Venres, 27 de marzo de 2009

## ANEXO V

(Orde do 17 de marzo de 2009)

### Orientacións produtivas e módulos dos cursos de Aptitude Empresarial Agraria

	Eplot. vacío leite	Candara extensiva	Cultivos extensivos	Cultivos intensivos	Fruticultura	Vitivinicultura	Candara seca tera	Apicultura	Aprovech. forestais	Diversificación de rendas
M1	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria
M2	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica
M3	Asociacionismo comerz.-trazab.	Asociacionismo comerz.-trazab.	Asociacionismo comerz.-trazab.	Asociacionismo comerz.-trazab.	Asociacionismo comerz.-trazab.	Asociacionismo comerz.-trazab.	Asociacionismo comerz.-trazab.	Asociacionismo comerz.-trazab.	Asociacionismo comerz.-trazab.	Asociacionismo comerz.-trazab.
M4	Relac. laborais prev. riscos lab.	Relac. laborais prev. riscos lab.	Relac. laborais prev. riscos lab.	Relac. laborais prev. riscos lab.	Relac. laborais prev. riscos lab.	Relac. laborais prev. riscos lab.	Relac. laborais prev. riscos lab.	Relac. laborais prev. riscos lab.	Relac. laborais prev. riscos lab.	Relac. laborais prev. riscos lab.
M5	Sensibilización ambiental	Sensibilización ambiental	Sensibilización ambiental	Sensibilización ambiental	Sensibilización ambiental	Sensibilización ambiental	Sensibilización ambiental	Sensibilización ambiental	Sensibilización ambiental	Sensibilización ambiental
M6	Agrotecnoloxía	Agrotecnoloxía	Agrotecnoloxía	Agrotecnoloxía	Agrotecnoloxía	Agrotecnoloxía	Instalacións e manexo	Biotofa, instala. e materialis	Planificación da actividad	Bases do desenr. rural
M7	Produción forrares alimentación (*)	Producción forrares alimentación (*)	Cultivos e técnicas	Cultivos de hortalizas (*)	Planificación e técnicas de cultivo (*)	Técnicas de cultivo	Alimentación	Manexo da albariza (*)	Traballo sotilezas (*)	Xestión dos recursos natur.
M8	Producción leite resnoxo gando	Manexo e produc. gando extensivo	Laborio (*)	Sanidade vegetal instal.-mecaniz.	Protec. fitosanitaria cultivos	Elaboración de vinos e derivados	Sanidade, higiene e benestar animal	Sanidade e producción (*)	Obtención e trat. produc. (*)	Produccións complementarias (*)

Os 5 primeiros módulos son transversais para todas as orientacións produtivas. Tifien unha duración de 30 horas cada un, agás os que abaxo se indican:

(\*) 40 horas

(\*\*) 35 horas

## ANEXO IV

### **Curso ponte (horas lectivas 35 h: 31 horas teóricas e 4 horas prácticas)**

#### **CONTIDO:**

1. Pragas dos cultivos: Danos. Control de pragas. Importancia dos métodos non químicos. Medios de protección fitosanitaria.
2. Estratexias e técnicas para a xestión integrada de pragas. Control biolóxico e outras técnicas alternativas para o control de pragas en distintos cultivos. Principios xerais da xestión integrada de pragas. Toma de decisións en protección fitosanitaria e iniciación á avaliación comparativa. Prácticas de identificación de pragas e de organismos de control biolóxico e o seu manexo.
3. Produción integrada e producción ecolólica.
4. Produtos fitosanitarios: substancias activas e preparados comerciais. Elección de produtos fitosanitarios. Casos prácticos.
5. Perigosidade dos produtos fitosanitarios para a saúde das persoas:
  - Concepto de alerta sanitaria.
  - Riscos para grupos vulnerables
  - Vixiancia sanitaria da poboación exposta a plaguicidas.
6. Equipos de aplicación: calibración. Prácticas de calibración de equipamentos. Riscos relacionados co uso de equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios.
7. Eliminación de envases baleiros. Sistemas de xestión. Normativa.
8. Rastrexabilidade. Requisitos en materia de hixiene dos alimentos e dos pensos. Rexistro de pragas e de tratamentos nas explotacións agrarias. O caderno de explotación.
9. Seguridade social agraria.
10. Normativa que afecta a utilización de PF: compra, transporte e almacenamento. Autorización e rexistro de produtos fitosanitarios, e medida en que afecta a súa utilización.